



transporte METROpolitano de CANGAS



Ollo aos saltos intermodais!



- Cequeiro** C_
- Monbus** M_
- Renfe** R_
- Mar de Ons** MO_
- Nabia** PN_



LEND
 - Frecuencia alta
 - Frecuencia media
 - Frecuencia baixa


En Cangas movémonos sobre todo en coche pero tamén temos **transporte colectivo**; tanto por estrada como por mar.

As liñas de **autobús** actuais funcionan dende os anos 70, foron deseñadas co obxectivo de garantir o **acceso da poboación aos servizos e comercio**. Por este motivo atoparás liñas con apenas dous servizos ao día, ou incluso menos! E a ti, préstanche bo servizo?

O **barco** é o servizo máis puntual para a travesar a ría e ir ata Vigo. Une dous centros históricos de 16 hectáreas cada un en apenas 20 minutos.

Se precisas un **tren** podes collelo en Vigo ou Pontevedra. Mesmo para viaxar en avión contas con lanzadeiras dende Vigo. Facer longas viaxes sen empregar o coche é posible i este mapa debería ser de axuda.


Boa viaxe!



| | | |
|------------------|---|--|
| Frecuencia alta | MO_CV Cangas → Vigo 20 min. | Vigo → Cangas 20 min. |
| | 7:00* / 7:20 / 7:40 / 8:00* / 8:20 / 8:40 / 9:00* / 9:20 / 9:40 / 10:00* / 10:30 / 11:00* / 11:30 / 12:00* / 12:30 / 13:00* / 13:30 / 14:00* / 14:30 / 15:00* / 15:30 / 16:00* / 16:30 / 17:00* / 17:30 / 18:00* / 18:30 / 19:00* / 19:30 / 20:00* / 20:30 / 21:00* / 21:30 / 22:00* | |
| | *os marcados con asterisco prestan servizo tamén os sábados, domingos e festivos. | |
| Frecuencia media | M_CMV Cangas → Moaña → Vigo (Bouzas) 50 min. | Vigo (Bouzas) → Moaña → Cangas 50 min. |
| | de luns a venres: 5:50/6:45/7:15/8:30/9:30/10:15/11:00/12:50/15:10/16:15/17:30/19:00/20:15 sábados: 7:50/10:15/12:25/15:10/17:15/19:30 domingos/festivos: 12:50/15:10/17:15/19:30 | |
| | *os marcados en cor continúan a ruta dende Bouzas ata Hospital Álvaro Cunheiro | |
| Frecuencia baixa | M_CBP Cangas → Bueu → Pontevedra 56 min. | Pontevedra → Bueu → Cangas 56 min. |
| | de luns a venres: 6:45/7:30/9:30/10:30/11:30/12:30/14:30/15:15/16:15/17:30/18:30/19:30/20:30/21:30 sábados: 9:30/11:30/12:30/15:15/17:30/19:30/21:30 domingos/festivos: 11:30/15:15/17:30/19:30/21:30 | |
| | *os marcados con asterisco prestan servizo tamén os sábados, domingos e festivos. | |
| Frecuencia alta | C_CalB Cangas → Aldán → Bueu 25 min. | Bueu → Aldán → Cangas 25 min. |
| | de luns a venres: 8:00/8:55/9:45/10:40/11:15/12:00/12:30/13:15/14:00/14:20/15:10/16:00/17:00/18:00/19:00/20:00/21:00 sábados: 9:45/11:15/12:30/13:15/14:00/17:00/18:00/19:00/20:00/20:30 domingos: 11:00/12:00/13:00/16:00/17:30/18:00/19:00/20:30 | |
| | *os marcados con asterisco prestan servizo tamén os sábados, domingos e festivos. | |
| Frecuencia media | MO_Ccies Cangas → Illas Cies 40 min. | Illas Cies → Cangas 40 min. |
| | 08:50/09:45/10:15*/10:40/12:00*/15:00*/16:15/18:15*/19:00 Os barcos a Cies requiren reserva previa de prazas, xa que o número de visitantes por día ao Parque é limitado. O servizo regular só está aberto entre Abril e Outubro, con maior frecuencia nos meses de Xullo e Agosto. Os marcados con asterisco son as viaxes regulares que se fan en todo momento que as illas están abertas. Consulta a dispoñibilidade directamente coa compañía. | |
| | 13:00/13:30*/13:45/17:00*/18:15/19:15*/20:15 | |
| Frecuencia baixa | PN_MV Moaña → Vigo 15 min. | Vigo → Moaña 15 min. |
| | de luns a venres: 06:00/7:00/7:30/ 8:00*/8:30/9:00*/10:00*/11:00/12:00*/13:00*/14:00*/15:00*/16:00 */17:00*/18:00*/19:00*/19:30/20:00*/20:30/21:00*/22:00* domingos/festivos: 12:00/19:00 | |
| | *os marcados con asterisco prestan servizo tamén os sábados, domingos e festivos. | |
| Frecuencia alta | M_VMC Cangas → Moaña → Vigo (Hospitais) 90 min. | Vigo (Hospitais) → Moaña → Cangas 90 min. |
| | laborabeis, domingos e festivos: 08:15/15:15/22:15 | |
| | laborabeis, domingos e festivos: 06:40/13:40/20:40 | |
| Frecuencia media | M_CMP Cangas → Moaña → Pontevedra 56 min. | Pontevedra → Moaña → Cangas 56 min. |
| | laborabeis: 7:15/15:30 sábados: 9:30 domingos/festivos: 15:30 20:30 | |
| | laborabeis: 15:30/20:30 sábados: 11:00 domingos/festivos: 20:30 | |
| Frecuencia baixa | M_Cco Cangas → Coiro 20 min. | C_Cvi Cangas → Vilanova 20 min. |
| | de luns a venres: 12:15 de luns a venres: 9:30 | |
| | laborabeis: 10:15/12:30/19:30(inverno) laborabeis: 8:45 (verán)/9:30(inverno)/10:35/12:50/19:50(inverno) | |
| Frecuencia baixa | M_CamM Cangas → Ameix. → Moaña 20 min. | C_Cpi Cangas → Piñeiro 17 min. |
| | de luns a venres: 9:30/11:15 de luns a venres: 10:00/11:45 | |
| | de luns a venres: 11:00 de luns a venres: 9:30 | |
| Frecuencia baixa | C_Cdo Cangas → Donón 40 min. | |
| | laborabeis: 11:30 laborabeis: 8:30(sáb./8:50(inverno)/9:10(verán)/12:00 | |
| | | |

Estes horarios foron extraídos das páxinas web das compañías que prestan o servizo, nas mesmas alertan da posibilidade de cambios nos horarios.

aparca e CAMIÑA en CANGAS



Algunha vez tiveches a sensación de que perdías o tempo tratando de aparcar na porta dun sitio? Con este mapa podes ver cantos minutos perdes e cal é a fórmula para **aforrar tempo e nervios**.




Cando chegamos en coche a Cangas a maioría das veciñas o facemos a través da rotonda do Mexillón, a rotonda do Gordo ou o cruce do Galas. Estes son os **puntos clave** de acceso e podes velos representados no mapa superior.

É nesas puntos onde **debemos escoller** entre dúas opcións principais:


Neste mapa podes consultar o tempo dende: a túa casa a un **punto clave** // o **punto clave** a un estacionamento. Coas cores aconsellámosche o máis eficaz; canto máis escura é a liña, máis tempo podes perder. Fai as túas contas.

| Avaliación* | ROTONDA DO MEXILLÓN | CRUCE DO GALAS | ROTONDA DO GORDO |
|----------------|---------------------|----------------|------------------|
| Ideal | 2' | 3' | 2' |
| Boa decisión | 1' | 2' | 3' |
| Axeitado | 5' | 1' | 8' |
| Complicado | 3' | 4' | 5' |
| Desaconsellado | 4' | 7' | 7' |

* Para avaliar aos diferentes estacionamentos tivéronse en conta factores como: número de prazas, cantidade de tráfico dos viais empregados para chegar a eles ou os metros deste traxecto a través das rúas do centro da vila.



Na opción A o coche dá voltas para ver se "sona a flauta" e **atopa estacionamento na porta** do seu destino. Moitas veces non o consegue e gasta máis tempo do que pensaba. Este "dar voltas" xera tráfico no centro da vila.



Na opción B o coche **vai directamente ata un estacionamento** no que, a pesar de estar un pouco lonxe do destino, case sempre hai sitio. **Con menos coches no centro da vila, camiñar é máis agradable.**

metroMINUTO de CANGAS



Isto é un metroMINUTO, un mapa esquemático que nos informa do tempo e das distancias dos nosos percorridos a pé na vila.

Os puntos en negro representan os lugares máis destacados para orientarnos polo centro da vila pero tamén polos barrios máis cercanos. Presta atención e verás como **algúns lugares que pensamos que están lonxe pode que non o estean tanto.**

Algúns **itinerarios** forman parte da nosa **vida cotiá** e cando os facemos a pé ou en bici contribuímos a **me mellorar a nosa saúde, reducir a nosa pegada ecolóxica e reducir accidentes.**

Na gráfica da dereita atoparás **tempos e distancias para algúns dos itinerarios máis comúns.**

Os de arriba son os traxectos típicos de mobilidade cotiá e os de abaixo adoitamos facelos como parte do noso ocio e saúde.

O do centro é o xa famoso Camiño Real.

